

ONVOCATORIA DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS CO OBXECTIVO DE PALIAR O IMPACTO DO COVID-19

BASES REGULADORAS

Base 1ª. OBXECTO E FINALIDADE

1.1. Marco xeral

O artigo 25 da Lei 7/1985, de bases de réxime local, indica que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. Neste contexto, os municipios poderán levar a cabo actuacións de fomento ou dinamización da economía local.

Na mesma liña, e de aplicación o artigo 21.1.m) da Lei 7/1985, de bases de réxime local que establece que corresponde ao Alcalde adoptar persoalmente, e baixo a súa responsabilidade, en caso de catástrofe ou de infortunios públicos ou grave risco dos mesmos, as medidas necesarias e axeitadas dando conta inmediatamente ao Pleno, como é no presente caso en que decretouse o Estado de Alarma.

En sentido similar recóllese o artigo 80 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, que sinala, outras, competencias nas seguintes materias:

- Abastos, matadoiros, feiras, mercados e a defensa de usuarios e consumidores.
- A prestación dos servizos sociais e a promoción e reinserción sociais.
- Ocupación do tempo libre e o turismo.
- A participación na formación de activos e desempregados

Pola súa banda o artigo 86 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia contempla a posibilidade do exercicio por parte do municipio de actividades complementarias das propias doutras Administracións Públicas, e, en concreto, a de ocupación e loita contra o paro.

1.2. Obxecto e finalidade

As bases teñen por obxecto regular a convocatoria para a concesión de axudas, mediante concorrencia competitiva para os traballadores autónomos,



e pequenas empresas da localidade para paliar os efectos negativos que está provocando a pandemia do COVID-19 e cumpran os requisitos que se establecen nas presentes bases; sendo os gastos subvencionables os detallados na base 5ª. da presente convocatoria

A presente convocatoria pretende ademais a consecución dos seguintes obxectivos:

- Preservar o tecido empresarial.
- Protexer o interese xeral, apoiando aos traballadores autónomos e pequenas empresas.
- Lograr a reactivación da economía da nosa localidade
- Incentivar a utilización das tecnoloxías da información e as comunicacións.

BASE 2ª. RÉXIME XURÍDICO

2.1. Regulación legal

As subvencións rexeranse, nos termos establecidos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo disposto nestas bases reguladoras, así como polo disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro de 2009.

Así mesmo estarase ao disposto nas Bases de Execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2020.

Supletoriamente, será aplicable a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais disposicións aplicables e as restantes normas de dereito administrativo, respectando, en todo caso, o establecido na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal e no Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e o Real Decreto Lei 5/2018, de 27 de xullo de medidas urxentes para a adaptación do Dereito español á normativa da Unión Europea en materia de protección de datos.

2.2. Réxime de mínimos

As axudas que se concedan estarán sometidas ao réxime de mínimos, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013, de 18 de decembro, da Comisión, relativo á



aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE L352 de 24 de decembro de 2013).

2.3. Publicación

As Bases reguladoras desta subvención publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, conforme ao artigo 9.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e, así mesmo, na web do Concello de Ponteareas, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Posteriormente, o extracto da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, cuxa publicación iniciará o prazo de presentación de solicitudes a partir do primeiro día hábil seguinte.

O acordo de resolución será obxecto de publicación na web do Concello de Ponteareas (taboleiro de edictos electrónico) e na Base de Datos Nacional de Subvencións, fornecendo esta publicación os efectos da notificación. Conforme ao artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, deberase remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos termos establecidos no artigo 20 da citada Lei.

As persoas e entidades beneficiarias deberán, así mesmo, dar publicidade das subvencións e axudas percibidas nos termos e condicións establecidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos.

BASE 3ª. CRÉDITO ORZAMENTARIO

A concesión das subvencións desta convocatoria, financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 24100-4701000 e 24100-470300, do vixente orzamento municipal de 2020, por importe DOUSCENTOS TRINTA MIL SETECENTOS NOVENTA E CATRO (230.794 €)

As axudas serán compatibles con calquera outra para a mesma finalidade sempre que o importe total subvencionado non supere o gasto total realizado e xustificado.



BASE 4ª. REQUISITOS DAS PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS

Poderán solicitar a subvención prevista nas presentes Bases aquelas persoas físicas ou xurídicas, así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica, legalmente constituídas que leven a cabo as actividades empresariais que motivan a concesión da subvención e no caso das persoas físicas que estean dadas de alta no Réxime Especial da Seguridade Social de Persoas Traballadoras por Conta Propia ou Autónomos e Autónomas ou na mutualidade alternativa correspondente, na data de entrada en vigor o Decreto 463/2020 polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19; sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a actividade sexa desenvolvida por unha persoa física (traballador/a autónomo/a), ou persoas xurídicas.

Para os efectos das presentes bases, terán a consideración de pequenas empresas aquelas que cumpran cos termos regulados no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categoría de axuda compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea. Os requisitos a cumprir serán empregar a menos de 50 persoas e ter un volume de negocio anual ou un balance xeral anual que non supere os 10 millóns de euros. (Anualidade 2019).

- b) No caso das persoas físicas, que no exercicio fiscal de 2019 a suma das súas bases liquidables xerais e de aforro recollidas na Declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, sexa igual ou inferior a tres veces o salario mínimo interprofesional para o ano 2020 no caso de tributación individual e a catro veces esa contía no suposto de tributación conxunta. A estes efectos considerárase o Salario Mínimo Interprofesional para o ano 2020 en cómputo anual, que equivale a 39.900 euros, ou 53.200 euros, respectivamente, ou a parte proporcional que corresponda se alta no Réxime da Seguridade Social de Traballadores/as Autónomos/as ou na mutualidade alternativa, no seu caso fora inferior a 365 días durante dita anualidade. Entenderase, en todo caso, que os que causaron alta no Réxime Especial da Seguridade Social de Traballadores/as por Conta Propia ou Autónomos/as ou na mutualidade alternativa, a partir do 1 de xaneiro de 2020, cumpren co presente requisito económico sen necesidade de acreditalo.

- c) No caso das persoas xurídicas, que no exercicio fiscal de 2019, a base imponible recollida na Declaración do Imposto sobre Sociedades, sexa igual ou inferior a tres veces o salario mínimo interprofesional para o ano 2020. A estes efectos considerárase o Salario Mínimo Interprofesional



para o ano 2020 en cómputo anual, que equivale a 39.900 euros, ou a parte proporcional que corresponda se o desenvolvemento das actividades económicas fora inferior a 365 días durante dita anualidade. Entenderase, en todo caso, que as persoas xurídicas que iniciaron a súa actividade económica a partir do 1 de xaneiro de 2020 cumpren co presente requisito económico sen necesidade de acreditarlo.

Do mesmo modo, tamén se entenderá por acreditado este requisito, si a empresa tivo que facer uso das medidas excepcionais en relación cos procedementos de suspensión de contratos e redución de xornada por causa de forza maior (ERTE), reguladas nos art. 22 e seguintes do Real Decreto- Lei citado anteriormente, e obtiveran resolución favorable da autoridade laboral.

- d) Que a actividade empresarial exérgase nun local comercial ou negocio, específico e aberto ao público, situado no termo municipal de Ponteareas, ou que presten un servizo sen ter local específico aberto ao público, pero que teña o seu domicilio fiscal en Ponteareas. Consideraranse que cumpren este requisito os taxistas con licenza do Concello de Ponteareas. Estarán excluídos como entidades beneficiarias desta axuda aquelas persoas físicas ou xurídicas que teñan máis dun establecemento, a maiores do existente no termo municipal de Ponteareas, noutros concellos de Galicia. Tampouco se poderán beneficiar aqueles cuia actividade comercial se desenrole exclusivamente on line.
- e) Que o suxeito solicitante estea exento do Imposto de Actividades Económicas no exercicio fiscal de 2020, extremo que se comprobará a través do último Padrón aprobado.
- f) Que estea dado de alta no réxime da Seguridade Social ou na Mutua profesional correspondente e na Axencia Estatal de Administración Tributaria no momento da presentación da solicitude.
- g) Que non se atope incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e en particular, estea ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias coa Facenda estatal (AEAT) e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS) no momento da presentación da solicitude, e con ATRIGA, ORAL e o Concello de Ponteareas.

No terán a condición de beneficiarios as persoas ou entidades:

- Que teñan subvencións pendentes de xustificación co Concello de Ponteareas, unha vez transcorrido o prazo para elo.



- As actividades incluídas no epígrafe CNAE 9200. Actividades de xogos de azar e apostas.

A presentación da solicitude supón a aceptación da convocatoria, requisitos, obrigas e condicións establecidas na mesma.

BASE 5ª. GASTOS SUBVENCIONABLES

Conceptos subvencionables:

Como regra xeral, considéranse gastos subvencionables aqueles que garden una relación directa coa natureza dos conceptos subvencionables que se realicen durante os meses nos que estivo vixente o estado de alarma, (do 14 de marzo ao 20 de xuño de 2020, ambos inclusive) e nos meses restantes do presente ano 2020.

Gastos subvencionables:

1. Os gastos de alugueiro de local comercial e/ou as cotas de préstamos hipotecarios do local destinados ao desenvolvemento da actividade, excluindo para este caso os intereses e/ou comisións bancarias. Estes gastos serán imputables dende a declaración do estado de alarma ata a data límite de xustificación desta axuda.
2. Os gastos xerais de xestión, mantemento e adaptación, tales como:
 - Gastos de asesoramento e consultoría, ou servizos profesionais especializados en que sexa necesario incorrer para acometer as obras de investimento de acondicionamento do local polos efectos da COVID-19 para lograr espazos máis seguros. Limite deste gasto imputable ata 1.000 €.
 - Gastos de xestión, asesoría e consultoría (tramitación de ERTES, xestión de axudas e subvencións), rexistros, notaría, constitución de novas actividades económicas e licenzas non administrativas. Límite de gasto subvencionable 1.000 €.
 - Transición cara ao comercio online ou optimización do existente, desenvolvemento e mellora de Web e redes sociais, así como a introdución en pasarelas de compra online.
 - Gastos en márketing e promoción dixital.
 - Gastos anuais de subscrición a portais ou Marketplace de venda online.
 - Adquisición de equipamento para adaptación dos negocios ás novas tecnoloxías, que permitan a súa presenza nas redes e plataformas de



venda online, cunha limitación máxima de gasto subvencionable de 1.000 €.

- Gastos de constitución da empresa comprendida entre o 1/01/2020 ata o 31/08/2020 : rexistro, notaría e gastos de asesoramento inicial; así como estudos de viabilidade ou protección do nome comercial.

Non serán subvencionables:

- Os gastos relativos ás comisións por vendas online.
- Os gastos non incluídos nos apartado anterior de gastos subvencionables.
- Os intereses debedores das contas bancarias, os intereses, recargo e sancións administrativas e penais, os gastos de procedementos xudiciais e ningún tipo de imposto.
- Os gastos por cambios de denominación, forma xurídica ou ampliación de capital.

BASE 6ª.- PRAZO, LUGAR E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

6.1. Prazo de presentación de solicitudes e documentación preceptiva:

As solicitudes para participar no presente procedemento haberán de presentarse no prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do extracto da convocatoria remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións. Da devandita publicación darase información na web do Concello de Ponteareas.

O modelo normalizado de solicitude (**Anexo I Solicitude de axuda**) para a obtención das subvencións reguladas nestas bases estará dispoñible na citada web municipal e incluírá unha declaración responsable (**Anexo II**) asinada pola persoa interesada ou representante legal da persoa ou entidade solicitante, que conterà o pronunciamento expreso sobre as seguintes cuestións:

- Que a persoa solicitante reúne os requisitos regulados nas presentes bases.
- Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
- Que a persoa solicitante está ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social (TGSS), con ATRIGA, ORAL e non ten débedas pendentes co Concello de Ponteareas.



- Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro e, en concreto, nos apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34.
- Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigacións das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- Que a persoa solicitante foi beneficiaria ou non dunha subvención da convocatoria de axudas directas concedidas polo Concello de Ponteareas polo COVID – 19 no vixente ano 2020.
- Que a persoa solicitante comprométese á comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma finalidade, a partir da data desta solicitude.
- Que a persoa solicitante comprométese á comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña a partir da data desta solicitude sometidas ao réxime de mínimos, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013 de 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE L352 de 24 de decembro de 2013).
- Que, no caso de cooperativas, e outras entidades económicas sen personalidade xurídica tales como sociedades civís e comunidades de bens, non se disolverán ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 da devandita Lei.

Xunto ao modelo de solicitude, se presentará un modelo normalizado de orzamento (**Anexo III Orzamento**), desagregado por tipoloxía de gasto subvencionable solicitado, que permita identificar e acredite o gasto específico para o que se solicita a axuda. O modelo contemplará importe de concepto de gasto con e sen IVE.

As solicitude, deberán presentarse nos modelos normalizados anteriormente citados, e a maiores deberán achegar a seguinte documentación:

1. No caso de persoas físicas:

- a) DNI polas dúas caras ou NIE, acompañado do pasaporte, se o indica.
- b) Certificado de Situación Censual emitido pola Axencia Estatal Tributaria.
- c) Informe de vida laboral tomando como mínimo como data de inicio do informe os 12 meses anteriores á solicitude de axuda.



- d) De non autorizar a comprobación de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social (TGSS) con ATRIGA e de non ter débedas pendentes co Concello de Ponteareas (modelo solicitude de axuda), deberá achegar a documentación que acredite esta circunstancia.
- e) Declaración do Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas correspondente ao exercicio 2019, a excepción daquelas que iniciaran a actividade a partir do 1 de xaneiro de 2020, nese caso non será necesaria.
- f) Contrato de arrendamento en vigor do local comercial onde se desenvolva á actividade, en caso de solicitar axuda para os gastos de alugueiro. De solicitar axuda para cotas de créditos hipotecarios, deberá achegar o contrato bancario actualizado de dito préstamo.
- g) Certificado da titularidade da conta bancaria na que se deba facer o ingreso do importe da subvención e cuxo titular sexa o mesmo solicitante.
- h) Resolución que acredite que foi beneficiario/a da prestación extraordinaria polo cese da actividade regulada polo Real Decreto Lei 8/2020.
- i) Licenza de actividade do concello ou, de ser o caso, acreditación da presentación da comunicación previa de inicio de actividade establecida no artigo 24 da Lei 9/2013. Non deberán presentar dita acreditación aquelas empresas que demostren estar exentas, pero deberán demostrar dita exención.

2. No caso de persoas xurídicas, sociedades civís, comunidades de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica:

- a) NIF da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.
- b) Certificado de situación Censual da Axencia Estatal Tributaria.
- c) Acta de constitución e estatutos da persoa xurídica actualizados e inscritos no Rexistro competente; no seu caso, acta de constitución das sociedades civís, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.
- d) Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude, en caso de non ser a mesma.



- e) DNI polas dúas caras ou NIE, acompañado polo pasaporte, se o indica, da persoa administradora e da persoa que presenta a solicitude, en caso de non ser a mesma.
- f) Informe de vida laboral das contas de cotización da empresa e/ou dos traballadores autónomos ligados á empresa emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, tomando como mínimo como data de inicio do informe os 12 meses anteriores á solicitude de axuda.
- g) Informe de media de traballadores da empresa emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social correspondente a anualidade 2019.
- h) De non autorizar a comprobación de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social (TGSS) con ATRIGA e de non ter débedas pendentes co Concello de Ponteareas (modelo solicitude de axuda), deberá achegar a documentación que acredite esta circunstancia.
- i) Contrato de arrendamento en vigor do local comercial onde se desenvolva á actividade, en caso de solicitar axuda para os gastos de alugueiro. De solicitar axuda para cotas de créditos hipotecarios, deberá achegar o contrato bancario actualizado de dito préstamo.
- j) Certificado da titularidade da conta bancaria na que se deba facer o ingreso do importe da subvención e cuxo titular sexa o mesmo solicitante.
- k) Declaración do Imposto sobre Sociedades correspondente ao exercicio 2019, si o solicitante é persoa xurídica. No caso de entidades sen personalidade xurídica que non tributan en Imposto sobre Sociedades, presentar declaración do Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas correspondente ao exercicio 2019 de cada un dos socios. , a excepción en ambos casos daquelas que iniciaran a actividade a partir do 1 de xaneiro de 2020, nese caso non será necesaria.
- l) Resolución que acredite que foi beneficiario/a da prestación extraordinaria polo cese da actividade regulada polo Real Decreto Lei 8/2020.
- m) Licenza de actividade do concello ou, de ser o caso, acreditación da presentación da comunicación previa de inicio de actividade establecida no artigo 24 da Lei 9/2013. Non deberán presentar dita acreditación aquelas empresas que demostren estar exentas, pero deberán demostrar dita exención.



Naqueles casos nos que parte da documentación requirida xa fose entregada no Concello con anterioridade para a tramitación doutra orde de axudas, non será preciso repetir a entrega de documentación, só se deberá citar a convocatoria de axudas do presente ano 2020 no que foi presentada e si se coñece o expediente municipal.

6.2. Lugar de presentación

As solicitudes presentaranse, utilizando os modelos que figuran como anexo nestas bases, na sede electrónica de acceso ao Rexistro Electrónico do Concello de Ponteareas, a través do Portal de Internet, conforme ao artigo 16 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Ante a falta de certificación dixital poderá presentar a solicitude un terceiro, debidamente acreditado para tal fin.

BASE 7ª. PROCEDIMENTOS DE INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN

Recibidas as solicitudes o departamento competente levará a cabo a instrución do procedemento e realizará de oficio as actuacións que considere necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos que se deba formular a proposta de resolución.

Revisadas as solicitudes, formularanse propostas de resolución de lista provisional, debidamente motivada, que será notificada aos interesados mediante a publicación da mesma no taboleiro web de editos do concello de Ponteareas, concedendo un prazo de 10 días para presentar alegacións. Transcorrido este prazo e unha vez revisadas as alegacións, de ser o caso, farase proposta de resolución de lista definitiva e o órgano competente resolverá o procedemento. A resolución, ademais de conter o solicitante ou relación de solicitantes aos que se concede a subvención, fará constar, no seu caso, expresamente, a desestimación motivada das solicitudes que non cumpran os requisitos.

As listas provisionais e definitivas non crean dereito algún a favor do beneficiario proposto, fronte ao Concello de Ponteareas, mentres non se notifique a resolución de concesión, que deberá contar previamente co informe de fiscalización da Intervención Municipal.

Naqueles casos en que o beneficiario obtivese unha subvención anterior para a mesma finalidade e esta fose incompatible coas da presente orde de axudas, a resolución de concesión por parte do Concello de Ponteareas condicionará os seus efectos á presentación por parte do beneficiario da renuncia á subvención previamente obtida, así como no seu caso, do reintegro dos fondos públicos



que percibise (artigo 33.1 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións).

Do mesmo xeito, o beneficiario da subvención no marco da presente orde de axudas poderá renunciar á mesma se posteriormente concedéseselle outra subvención para a mesma finalidade e incompatible coa primeira. Para iso, deberá presentar no rexistro do Concello un escrito de renuncia á subvención nun prazo máximo de dous meses desde a data da resolución de concesión da axuda.

O Concello de Ponteareas pola súa banda, procederá esixir o reintegro da subvención cando a teña coñecemento de que un beneficiario percibiu outra ou outras subvencións incompatibles coa outorgada sen efectuar a correspondente renuncia.

A notificación do acordo de concesión da subvención, xunto coa transferencia correspondente á axuda concedida, trasladarase aos beneficiarios aos que se vaia a realizar o pago nun prazo máximo de dez días naturais desde a data do acordo.

O prazo máximo para a resolución do procedemento será de tres meses, desde a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada por silencio administrativo.

BASE 8ª. CRITERIOS DE CONCESIÓN, VALORACIÓN E IMPORTES MÁXIMOS A SUBVENCIONAR

Conforme ao disposto no artigo 17.3 e) da LXS fíxanse os criterios obxectivos de outorgamento da subvención e, no seu caso, ponderación dos mesmos.

O importe máximo da axuda non poderá superar o 50% do total do gasto subvencionable, cunha limitación de importe máximo de 1.500,00 euros por solicitude.

Orde de prelación:

Se o número de solicitudes presentadas superase o importe da aplicación orzamentaria prevista para esta convocatoria, terán dereito á subvención aquelas persoas físicas ou xurídicas que acaden unha maior puntuación na valoración conforme aos criterios que se indican a continuación:



CARACTERÍSTICAS DA ENTIDADE PROMOTORA		PUNTOS
PERFIL DA ENTIDADE SOLICITANTE	EMPRESARIO/A INDIVIDUAL, COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS	4
	ENTIDADES EMPRESARIAIS SEN PERSONALIDADE XURÍDICA	3
	SOCIEDADES MERCANTIS CONSTITUÍDAS POR 3 OU MENOS SOCIOS	2
	SOCIEDADES MERCANTIS CONSTITUÍDAS POR MÁIS DE 3 SOCIOS	1

CRITERIOS EN BASE Á RENDIBILIDADE ECONÓMICA		PUNTOS
NIVEIS DE RENDA (ANUALIDAD E 2019)	EMPRESA CUNHA BASE IMPOÑIBLE DO IS, OU BASE LIQUIDABLE DO IRPF INFERIOR OU IGUAL A 20.000,00€ (EN CASO DE DECLARACIÓN CONXUNTA DE IRPF 30.000,00 €)	3
	EMPRESA CUNHA BASE IMPOÑIBLE DO IS, OU BASE LIQUIDABLE DO IRPF SUPERIOR A 20.000,00 € E INFERIOR OU IGUAL A 30.000,00€ (EN CASO DE DECLARACIÓN CONXUNTA DE IRPF SUPERIOR A 30.000,00€ E INFERIOR OU IGUAL A 40.000,00€)	2
	EMPRESA CUNHA BASE IMPOÑIBLE DO IS, OU BASE LIQUIDABLE DO IRPF SUPERIOR A 30.000,00 € E INFERIOR OU IGUAL A 39.900,00€ (EN CASO DE DECLARACIÓN CONXUNTA DE IRPF SUPERIOR A 53.200,00 €)	1

**As empresas constituídas a partir de 1 de xaneiro de 2020 puntuarán no apartado "Criterios en base á rendibilidade económica" obterán neste apartado a máxima puntuación posible (3 puntos).*

CARACTERÍSTICAS EN BASE Á DATA DE INICIO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA		PUNTOS
DATA INICIO ACTIVIDAD E FISCAL	NEGOCIOS CON ALTA DE ACTIVIDADE ECONÓMICA A PARTIR DO ANO 2018	2
	NEGOCIOS CON ALTA DE ACTIVIDADE ECONÓMICA ANTERIOR AO ANO 2018	1

AXUDA DIRECTA EN 2020 CONCELLO POLA COVID 19		PUNTOS
OBTENCIÓN AXUDA DIRECTA COVID19	NEGOCIOS QUE FORON BENEFICIARIAS DA CONCOCTORIA DE AXUDAS DIRECTAS POLA COVID 19 DO CONCELLO DE PONTEAREAS	0
	NEGOCIOS QUE NON FORON BENEFICIARIAS DA CONCOCTORIA DE AXUDAS DIRECTAS POLA COVID 19 DO CONCELLO DE PONTEAREAS	4

Se entre aqueles solicitudes que teñen a mesma puntuación, se superara o importe da aplicación orzamentaria, terán dereito ás mesmas ata o límite orzamentario, aqueles que presentaron a solicitude con anterioridade.

De non poder completar coa dotación orzamentaria existente para esta convocatoria de axudas todas as solicitudes presentadas, se establecerá unha listaxe de agarda en función da puntuación obtida tras a valoración das solicitudes, que estará vixente ata a data límite de xustificación desta axuda, e será utilizada no caso de producirse algunha desistencia ou renuncia, ou pola perda da condición de entidade beneficiara dalgunha das subvencións concedidas.

BASE 9ª. PAGO DAS AXUDAS

Abono da subvención:

O pago da subvención realizarase nun pago único e unha vez xustificada a mesma.

BASE 10ª. XUSTIFICACIÓN

A data límite para a xustificación será o 31 de xaneiro de 2021.

A xustificación da subvención terá carácter simplificado, tendo en conta o importe máximo subvencionable, e realizarase mediante a presentación do modelo normalizado (**Anexo IV Xustificación**) e presentarase polos mesmos medios que a solicitude de axuda, acompañado da seguinte documentación:



- Unha memoria explicativa, que conteña unha relación dos gastos imputados e de ser posible en función da tipoloxía de gasto, unha reportaxe gráfica.
- Facturas orixinais e xustificantes de pago selado e asinado pola entidade bancaria, que acrediten a realización dos gastos subvencionables.
- Comunicación doutras axudas solicitadas e/ou concedidas para a mesma finalidade con detalle do órgano concedente e importe. **(Anexo V Declaración en relación a outras axudas).**
- Comunicación doutras axudas solicitadas e/ou concedidas sometidas ao réxime de mínimos, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013 de 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE L352 de 24 de decembro de 2013). *(Anexo IV Declaración en relación a outras axudas).*

BASE 11ª. OBRIGACIÓNS DAS PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS

Son obrigacións das beneficiarias:

- a) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións.
- d) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.
- e) Cumprir as restantes obrigacións establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, xeneral de subvencións.
- d) Que a actividade para a que recibe a subvención mantéñase, polo menos, durante os 6 meses posteriores á súa obtención.

BASE 12ª. REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

Procederá a revogación das subvencións reguladas nas presentes bases, así como o reintegro total ou parcial do importe percibido, cando cumpra, de



acordo co disposto no Título II da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o Título III do seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

BASE 13ª. RECURSOS

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra as mesmas cabe a interposición de recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso administrativa. Poderase formular, así mesmo, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que dítase a resolución impugnada, de acordo co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa e na Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

BASE 14ª. ENTRADA EN VIGOR E VIXENCIA

As presentes bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.



ANEXO I

PERSOAS FÍSICAS

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS CO OBXECTIVO DE PALIAR O IMPACTO DO COVID-19			
DATOS DO SOLICITANTE			
DNI/NIE:	NOME:		
CIF:	RAZÓN SOCIAL:		
FOI BENEFICIARIO DE SUBVENCIÓN DIRECTA DO CONCELLO DE PONTEAREAS POLO COVID-19			
		SI	NON
CNAE (Actividade en letra)			
Nº CNAE			
DOMICILIO		LOCALIDADE	C.P.
TELÉFONO	e-mail	Nº CONTA COTIZACIÓN S.S.	
DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL OU APODERADO			
NOME A APELIDOS		TELÉFONO	e-mail
PERSOA DE CONTACTO PARA ACLARACIÓNS SOBRE A SOLICITUDE			
NOME A APELIDOS		TELÉFONO	e-mail
DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACION (non cubrir se e o mesmo do solicitante)			
DOMICILIO		LOCALIDADE	CP



DOCUMENTACION QUE ACOMPAÑA A ESTA SOLICITUDE

- DNI/NIE do solicitante en vigor.**
- DNI/NIE do representante en vigor (no seu caso).**
- Poder do representante e da que presenta a solicitude no caso de non ser a mesma persoa.**
- Certificado de conta bancaria do solicitante.**
- Certificado de Alta na Seguridade Social ou mutualidade alternativa.**
- Declaración I.R.P.F (MOD.130) ano 2019 (non e necesario no caso de inicio da actividade a partir do 01-01-2020).**
- Certificado de Alta no I.A.E.**
- Licenza de apertura/actividade do local.**
- Resolución concesión de ERTE ou Cese da actividade.**
- Informe de vida laboral con data de inicio 12 meses anteriores a data da solicitude da axuda.**
- Contrato de aluguer ou crédito bancario do local comercial.**

O abaixo asinante, presenta esta solicitude, perante o concello de Ponteareas, asumindo a totalidade da regulación aplicable á presente convocatoria con todas as obrigas que da mesma se deriven, o tempo que declara, a veracidade dos datos nela citados e autoriza ao concello de Ponteareas para consultar nas distintas administracións públicas a súa situación en relación a:

- Estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT
- Estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias coa ATRIGA
- Estar ao corrente no pagamento das obrigas sociais coa SEGURIDADE SOCIAL
- Estar ao corrente no pagamento das obrigas tritutarias do ORAL e concello

No nome da entidade solicitante e como representante da mesma, acepto a subvención no caso de ser concedida e nos términos nos que se me conceda.

Lei Orgánica de Datos Persoais (LOPD)15/1999 e Regulamento (UE) 2016 679:

1. O responsable do tratamento dos datos é o CONCELLO DE PONTEAREAS, con dirección electrónica de contacto: <https://ponteareas.sedelectronica.gal>, onde poderá dirixir as comunicacións para exercer os seus dereitos.
- 2.A finalidade dos datos e poder prestar os servizos que lle ofrece o CONCELLO DE PONTEAREAS, manter a relación e enviarlle información.
- 3.Pode exercer os dereitos de acceso, notificación e supresión dirixindo a súa solicitude por escrito a: CONCELLO DE PONTEAREAS, acompañando de fotocopia do DNI (ou documento identificativo equivalente).

Ponteareas, de de 20

(Sinatura do solicitante)



ANEXO II

DECLARACION RESPONSABLE

D. / Dna.:

con DNI nº:

na súa condición de:

tendo solicitado ao Concello de Ponteareas participar na convocatoria de **SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS CO OBXECTIVO DE PALIAR O IMPACTO DO COVID-19**

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Que a persoa solicitante reúne os requisitos regulados nas presentes bases.
- Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
- Que a persoa solicitante está ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social (TGSS) con ATRIGA e non ten débedas pendentes co Oral e co Concello de Ponteareas.
- Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro e, en concreto, nos apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34.
- Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigacións das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- Que a persoa solicitante foi beneficiaria ou non dunha subvención da convocatoria de axudas directas concedidas polo Concello de Ponteareas polo COVID – 19 no vixente ano 2020.
- Que a persoa solicitante comprométese á comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma finalidade, a partir da data desta solicitude.
- Que a persoa solicitante comprométese á comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña a partir da data desta solicitude sometidas ao réxime de mínimos, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013 de 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE L352 de 24 de decembro de 2013).
- Que, no caso de cooperativas, e outras entidades económicas sen personalidade xurídica tales como sociedades civís e comunidades de bens, non se disolverán ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 da devandita Lei.

Ponteareas, de de 20

(Sinatura do declarante)



**ANEXO I
PERSOAS XURÍDICAS OU SOCIEDADES**

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS CO OBXECTIVO DE PALIAR O IMPACTO DO COVID-19		
DATOS DO SOLICITANTE		
DNI/NIE:	NOME:	
CIF:	RAZÓN SOCIAL:	
FOI BENEFICIARIO DE SUBVENCIÓN DIRECTA DO CONCELLO DE PONTEAREAS POLO COVID-19		
		SI NON
CNAE (Actividade en letra)		
Nº CNAE		
DOMICILIO	LOCALIDADE	C.P.
TELÉFONO	e-mail	Nº CONTA COTIZACIÓN S.S.
DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL OU APODERADO		
NOME A APELIDOS	TELÉFONO	e-mail
PERSOA DE CONTACTO PARA ACLARACÍONS SOBRE A SOLICITUDE		
NOME A APELIDOS	TELÉFONO	e-mail
DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACION (non cubrir se e o mesmo do solicitante)		
DOMICILIO	LOCALIDADE	CP



DOCUMENTACION QUE ACOMPAÑA A ESTA SOLICITUDE

DNI/NIE do solicitante en vigor
CIF da entidade
DNI/ NIE do representante en vigor (no seu caso)
Poder do representante e da que presenta a solicitude no caso de non ser a mesma persoa.
Escritura de constitución da sociedade
Certificado de conta bancaria do solicitante
Informe ou certificado da Seguridade Social das contas de cotización da empresa e/ou dous autónomos ligados a empresa con data de inicio 12 meses anteriores a data de solicitude desta axuda.
Certificado da Seguridade Social do número de traballadores contratados no ano 2019.
Declaración Imposto sociedades (MOD. 200) ano 2019 (non e necesario no caso de inicio de actividade a partir do 1-01-2020
Certificado de Alta no I.A.E.
Licenza de apertura/actividade do local
Resolución concesión de ERTE ou Cese da actividade
Contrato de aluguer ou crédito bancario do local comercial

O abaixo asinante, presenta esta solicitude, perante o concello de Ponteareas, asumindo a totalidade da regulación aplicable á presente convocatoria con todas as obrigas que da mesma se deriven, o tempo que declara, a veracidade dos datos nela citados e autoriza ao concello de Ponteareas para consultar nas distintas administracións públicas a súa situación en relación a:

- Estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT
- Estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias coa ATRIGA
- Estar ao corrente no pagamento das obrigas sociais coa SEGURIDADE SOCIAL
- Estar ao corrente no pagamento das obrigas tritutarias do ORAL e concello

No nome da entidade solicitante e como representante da mesma, acepto a subvención no caso de ser concedida e nos términos nos que se me conceda.

Lei Orgánica de Datos Persoais (LOPD)15/1999 e Reglamento (UE) 2016 679:

1. O responsable do tratamento dos datos é o CONCELLO DE PONTEAREAS, con dirección electrónica de contacto: <https://ponteareas.sedelectronica.gal>, onde poderá dirixir as comunicacións para exercer os seus dereitos.
- 2.A finalidade dos datos e poder prestar os servizos que lle ofrece o CONCELLO DE PONTEAREAS, manter a relación e enviarlle información.
- 3.Pode exercer os dereitos de acceso, notificación e supresión dirixindo a súa solicitude por escrito a: CONCELLO DE PONTEAREAS, acompañando de fotocopia do DNI (ou documento identificativo equivalente).

Ponteareas, de de 20

(Sinatura do solicitante)



ANEXO II**DECLARACION RESPONSABLE**

D. / Dna.:

con DNI/NIE nº:

na súa condición de:

tendo solicitado ao Concello de Ponteareas participar na convocatoria de **SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS CO OBXECTIVO DE PALIAR O IMPACTO DO COVID-19**

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Que a persoa solicitante reúne os requisitos regulados nas presentes bases.
- Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
- Que a persoa solicitante está ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social (TGSS) con ATRIGA e non ten débedas pendentes co Oral e co Concello de Ponteareas.
- Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro e, en concreto, nos apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34.
- Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigacións das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- Que a persoa solicitante foi beneficiaria ou non dunha subvención da convocatoria de axudas directas concedidas polo Concello de Ponteareas polo COVID – 19 no vixente ano 2020.
- Que a persoa solicitante comprométese á comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma finalidade, a partir da data desta solicitude.
- Que a persoa solicitante comprométese á comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña a partir da data desta solicitude sometidas ao réxime de mínimos, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013 de 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE L352 de 24 de decembro de 2013).
- Que, no caso de cooperativas, e outras entidades económicas sen personalidade xurídica tales como sociedades civís e comunidades de bens, non se disolverán ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 da devandita Lei.

Ponteareas, de de 20

(Sinatura do declarante)



**ANEXO III
ORZAMENTO**

DNI/NIE:

NOME:

CIF:

RAZÓN SOCIAL:

Gastos subvencionables. Marcar (x)

CONCEPTO	IMPORTE	IVE	TOTAL
() Alugueiro do local comercial.			
() Cotas de préstamos hipotecarios do local (excluído intereses e/ou comisións).			
() Gastos de asesoramento e consultoría, ou servizos profesionais especializados para obras de acondicionamento do local polo COVID			
() Gastos de xestión. (Tramitación ERTES, axudas...)			
() Gastos de transición ao comercio online.			
() Gastos de marketing e promoción dixital.			
() Gastos anuais de subscripción a portais ou Marketplace de venda online.			
() Gastos adquisición de equipamento adaptación NNTT			
() Gastos constitución empresa entre 01/01/2020 y 31/08/2020			

Ponteareas.....de.....do 2020

(Sinatura do declarante)



**ANEXO IV
XUSTIFICACIÓN**


DNI/NIE:

NOME:

CIF:

RAZÓN SOCIAL:

CONCEPTO	PROVEEDOR	CIF	IMPORTE	IVE	TOTAL



Cod. Validación: 5K5F5H4AZCZ6RXXQF6DY3T5HDX | Corrección: https://ponteareas.sedelectronica.gal/
 Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 25

Achegar:

- Memoria explicativa que conteña unha relación de gastos imputados e de ser posible en función da tipoloxía do gasto, unha reportaxe gráfica.
- Facturas orixinais e xustificantes de pago selado e asinado pola entidade bancaria que acrediten á realización dos gastos subvencionados.

Ponteareas.....de.....do 2020

(Sinatura do declarante)

ANEXO V

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. / Dna.:

Con DNI/NIE N°:

Na súa condición de:

Tendo solicitado ao Concello de Ponteareas participar na convocatoria de SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS CO OBXECTIVO DE PALIAR O IMPACTO DA COVID-19.

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE AXUDAS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS

- Comunicación doutras axudas solicitadas e/ou concedidas.

ÓRGANO COMPETENTE	IMPORTE

- Comunicación doutras axudas solicitadas e/ou concedidas sometidas ao réxime de mínimos, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013 do 18 de decembro da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE L352 do 24 de decembro do 2013).

ÓRGANO COMPETENTE	IMPORTE

Ponteareas.....de.....do 2020

(Sinatura do declarante)

